

Na XI Edición dos Premios Empresariais de Mercados do Viño e a Distribución

EROSKI RECIBE O PREMIO Á MELLOR XESTIÓN DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

- O obxectivo destes galardóns é recoñecer a dedicación dos produtores e distribuidores españois en toda a cadea de valor do viño en España
- O director de Saúde e Sostibilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa, recolleu o premio en presenza da Ministra de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Natural

Madrid, 8 de marzo do 2018.- [EROSKI](#) foi galardoada na [XI edición dos Premios Empresariais de Mercados do Viño e a Distribución](#) co Premio á Mellor Xestión de Responsabilidade Social Corporativa na gala celebrada na sede do Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Natural (MAPAMA). Trátase dunha cita obrigada para os representantes do sector que contou coa presenza da ministra titular do MAPAMA, Isabel García Tejerina, e dos presidentes de Consellos Reguladores e das Asociacións Sectoriais. O obxectivo destes galardóns é recoñecer a dedicación dos produtores e distribuidores en toda a cadea de valor do sector vitivinícola español.

O director de Saúde e Sostibilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa, recolleu o premio en representación da cooperativa. *“Estamos moi agradecidos por este recoñecemento porque nos anima a continuar apostando polo noso compromiso de garantir a sostibilidade en todos os nosos procesos produtivos. Desde EROSKI apoiamos unha alimentación de valor, non só de prezo, e facémolo en colaboración con todos os axentes que forman parte da nosa cadea de valor e van na mesma dirección”,* sinalou Martínez Berriochoa.

Os Premios Empresariais de Mercados do Viño e a Distribución recoñecen por undécimo ano consecutivo o esforzo dunha industria estratéxica para a economía española que aposta pola Excelencia en todos e cada un dos elos da cadea de valor.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA**CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)